

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

17-10-19

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións do 10/04/2019, 12/06/2019 (extraordinaria) e do 20/06/2019 (extraordinaria)
2. Informes
3. Actividade de libre configuración
4. Validacións e Recoñecementos
5. Quenda aberta

**Asistentes:** M.S. Freire, J. González, A. Mosquera, M.C. Palacios, E. Rodil

**Excusan a súa asistencia:** R.A. Guerra

O día 17 de outubro ás 12:00 h na Sala X3.2 da ETSE, réunese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### **1. Aprobación das actas da Comisión da Titulación do 10/04/2019, 12/06/2019 (extraordinaria) e do 20/06/2019 (extraordinaria)**

Apróbanse as actas da reunión da Comisión da Titulación do do 10/04/2019, 12/06/2019 e do 20/06/2019.

### **2. Informes**

#### **2.1. Solicitude de reasignación da materia Economía da empresa (G4021203)**

Unha vez efectuada a proposta de asignación da materia Economía da Empresa á Area de Economía Aplicada o día 29/04/2019 recibíuse un correo da directora do departamento de Economía Financieira e Contabilidade R. B. solicitando, de común acordo co previo departamento, que se restituía a situación dos anos previos nos que o Departamento de

Economía Financeira e Contabilidade impartía esta materia. A capacidade docente da área aumentou por terselles condedido unha nova plaza de PDI e polo tanto xa poden asumila.

O día 2/05/2019 enviábase por correo electrónico unha consulta aos membros da Comisión do Grao en Enxeñaría Química para propoñer que se restitúa á área 230 Economía Financeira e Contabilidade o encargo docente da materia Economía da Empresa do grao en Enxeñaría Química. Non habendo comentario en contra se comunica á ETSE esta decisión.

## 2.2. Solicitudes de equivalencia consultadas por correo electrónico

Data do correo	Solicitude	Resposta
08/05/2019	C. O. M. A. bachiller en Ciencias con Mención en Ingeniería Industrial pola Pontificia Universidad Católica del Perú solicita se lle acepte a equivalencia dos seus estudos co fin de acceder a un Máster Oficial da USC.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun Enxeñeiro Superior en xeral co fin de acceder a un Máster Universitario.
14/10/2019	X. W. realizou os seus estudos de grao (4 anos) en Enxeñaría e Tecnoloxía Químicas na Dalian University of Technology, China e solicita equivalencia cos estudos da USC.	Infórmase positivamente que reúne requisitos análogos aos dun grao en xeral. Non de Enxeñaría Química.
14/10/2019	E. F. A. graduado en Enxeñaría Química pola Universidade Federal de Sergipe (Brasil) solicita que se informe sobre a equivalencia dos seus estudos co fin de acceder a un Máster de Enxeñaría Ambiental da USC.	Infórmase positivamente sobre o feito de que ditos estudos presentan un nivel equivalente a un enxeñeiro técnico en España.

## 2.3. Reunión comité externo (14/05/2019)

Na reunión do comité externo tratáronse os seguintes temas:

- Rúbrica correspondente á avaliación das competencias transversais no traballo fin de grao. Discútense algúns aspectos e resalta o feito de que os niveis de valoración deberían pasar de 5 a 4.
- Faise unha presentación sobre seguridade enfocada ao tema de PRL na ETSE e a súa relación con aspectos docentes.

## 2.4. Reunión comisión de calidade ETSE (14/05/2019)

Decídese formar un grupo de traballo para tratar o tema do plaxio que será abordado conxuntamente por todas a titulacións do centro. Procederon a elabora un documento neste senso.

### **2.5. Ranking el Mundo**

Un ano máis conseguimos revalidar un 4º posto entre os 5 mellores graos en Enxeñaría Química segundo o Ranking de El Mundo (<https://www.elmundo.es/especiales/ranking-universidades/index.html>)

### **2.6. Memoria de calidade da ETSE**

En maio colaborouse na elaboración e entregouse a memoria de calidade do centro.

### **2.7. Informe abandono potencial**

Dous estudantes aparecen no informe de abandono potencial do Grao no curso 2018-19.

### **2.8. Revisión das guías docentes**

12/06/2019 guías de materias do departamento de Enxeñaría Química xunto coa Comisión de Docencia e Calidade do Departamento de Enxeñaría Química.

20/06/2019 guías de materias de departamentos distintos a Enxeñaría Química

### **2.9. Reunión Comisión TFG**

Revisouse a Rúbrica do TFG e reducíronse de 5 a 4 os niveis asignados á avaliación. Para simplificar propónse atribuír a cada nivel os seguintes intervalos de puntuación:

Nivel 1: 0-3,9

Nivel 2: 4,0-6,9

Nivel 3: 7,0-8,9

Nivel 4: 9,0-10

### **2.10. Consulta por correo sobre mensaxe da ORE (17/07/2019) Consulta semestre mobilidade**

Dende o Servicio de Relacións Exteriores contactan con nos para informarnos de que veñen de recibir financiación ERASMUS Plus KA107 para mobilidade con institucións socias para os 3 anos vindeiros. Dispoñen de 45 bolsa para alumnado entrante á USC en áreas a definir e nos contestámoslles que:

1) nos interesa incluír o noso semestre de mobilidade no programa.

2) o número de 10 alumnos interesados na nosa titulación pode fixarse como límite. Queremos que se teña en conta que poden quedar prazas valeiras pois o noso interese é recibir alumnos de enxeñaría química o asimilables

3) se fixe nivel B2 de inglés mínimo para aceptalos.

4) no caso de ter demasiados interesados ponderaríamos as solicitudes en función da carga de créditos. 30 ECTS, no seu acordo de estudos e que procedan dun Grao en Enxeñaría Química, e dentro de cada país, pola súa nota media da titulación de grao.

### 3. Actividade de libre configuración

Os profesores A. S. e R. M. solicitan o recoñecemento dunha actividade, “Diseño de un proxecto básico de enxeñaría” como competencia transversal o que implica o seu recoñecemento con 4,5 ECTS. Xa pasou a aprobación do Consello de Departamento.

Se aproba este recoñecemento.

### 4. Validacións e recoñecementos

#### 4.1. A. V. F.


Estudios: Grao en Enxeñaría Química, Universidad de Oviedo

Solicita: Recoñecemento de tódalas materias que ten superadas

Materias de formación básica recoñecidas:

- Álgebra lineal, 6 ECTS
- Cálculo, 6 ECTS
- Ecuaciones diferenciales y métodos numéricos, 6 ECTS
- Empresa, 6 ECTS
- Fundamentos de informática, 6 ECTS
- Química Inorgánica, 6 ECTS
- Estadística, 6 ECTS
- Expresión gráfica, 6 ECTS
- Fundamentos de Física, 6 ECTS
- Ondas y Electromagnetismo, 6 ECTS

Outras materias recoñecidas:

 : @etse\_usc      @EnxQuim\_USC

Materia U Oviedo	Cr	GrEQ USC	Cr	Comentario
Ingeniería Mecánica	6	Fundamentos de máquinas e Resistencia de materiais	6,0	Convalidase parcialmente só a parte de Fundamentos de Máquinas. Tenrá que cursar a parte de Resistencia de materiais e as prácticas. A nota deberá prorratearse tendo en conta a asignación de ECTS de cada parte.
Química Física	6	G4021104 Química Fundamental	6	
Ciencia e Ingeniería Ambiental	6	G4021325 Enxeñaría Ambiental	4,5	
Bases de la ingeniería química	6	G4021121 Fundamentos de procesos químicos	6,0	
Fenómenos de transporte	6	G4021123 Análisis de procesos químicos	4,5	
Laboratorio de Química II	6	G4021221 Química analítica		Só as prácticas de laboratorio da materia de Química Analítica. A nota desta materia prorratearase coa da parte de teoría da materia da USC
Química orgánica	6	G4021204 Química	6	
Laboratorio de Química II	6	Orgánica		
Operaciones básicas I: Flujo de fluidos	6	G4021224 Transporte de fluidos	6	
Laboratorio de Ingeniería Química I: fenómenos de transporte y flujo de fluidos. Laboratorio de Ingeniería Química II: Transmisión de calor y transferencia de materia	6 6	Laboratorio de transporte de fluidos y transmisión de calor	6,0	
Química industrial	6	G4021441 Procesos de química industrial	4,5	
Sistemas eléctricos y electrónicos	6	G4021223 Electrotecnia	6,0	
Dinámica y simulación de procesos químicos	6	G4021327 Control de procesos	6,0	
Gestión del medio ambiente en la industria	6	Optativa	4,5	
Ingeniería de polímeros	6	Optativa	4,5	
Laboratorio de bioprocesos	6	Optativa	4,5	
Operaciones con sólidos	6	Optativa	4,5	
Prácticas externas	6	Prácticas externas	6,0	
Tratamiento y recuperación de residuos	6	Xestión e tratamento de residuos	4,5	
Ciencia y Tecnología de Materiales	6	G4021321 Ciencia de Materiais	4,5	
Termodinámica aplicada	6	G4021222 Termodinámica aplicada á enxeñaría química	6	

Non se recoñecen:

Laboratorio Química I	6			Non existe equivalente no título
Diseño de procesos químicos y gestión de proyectos	6	G4021422 Proxectos e deseño de instalacións	6,0	Os contidos non se axustan a ningunha materia da titulación

#### 4.2. P. R. P.

Estudios: Grao en Enxeñaría Química, USC

Solicita: Recoñecemento de actividade profesional

FEUGA actividad profesional	Cr	GrEQ, USC	Cr.	Comentario
Actividad en CZ VACCINES		G4021204 Química Orgánica	6,0	Non se acepta o recoñecemento. Non hai ningunha similariedade entre a actividade profesional e a materia Química Orgánica

#### 4.3. R. D. A. L.

Estudios: Grao en Enxeñaría Química, Universidad de Salamanca (plan de estudios 2010)

**Solicita:** Recoñecemento de tódalas materias que ten superadas.

Materias de formación básica recoñecidas:

- Física I (6 créditos)
- Física II (6 créditos)
- Expresión gráfica (6 créditos)
- Matemáticas II (6 créditos)
- Química Física (4,5 créditos)
- Experimentación en química (7,5 créditos)
- Química Inorgánica (6 créditos)
- Estadística (6 créditos)
- Matemáticas III (6 créditos)
- Química orgánica (6 créditos)
- Economía de la empresa y organización industrial (6 créditos)
- Informática (6 créditos)

 : @etse\_usc @EnxQuim\_USC

Outras materias recoñecidas:

GrEQ, U Salamanca	Cr.	GrEQ, USC	Cr.	Comentario
Química Analítica Métodos instrumentales de análisis	4,5 4,5	G4021221 Química analítica	6	
Transmisión de calor	6	G4021225 Transmisión de calor	6	
Patentes	3	Optativa	3	
Operaciones de separación	7,5	G4021322 Transferencia de materia	6	
Experimentación en Ingeniería Química I	6,0	G4021226 Laboratorio de transporte de fluidos y transmisión de calor	6,0	
Seguridad, higiene industrial y medio ambiente	6	Optativa	6	
Ciencias de los materiales	6	G4021321 Ciencia de Materiais	4,5	
Experimentación en Ingeniería Química II Experimentación en Ingeniería Química III	6 6	G4021421 Laboratorio de Procesos químicos	6,0	
Química industrial	6	Optativa	6	
Automática y control)	6	G4021327 Control de procesos	6	
Logística y marketing industrial	6	Optativa	6	
Termodécnia	4,5	Optativa	4,5	

Non se recoñecen:

GrEQ, U Salamanca	Cr.	GrEQ, USC	Cr.	Comentario
Termodécnia (5,8)	4,5	G4021222 Termodinámica aplicada á enxeñaría química	6	<b>Com. GrEQ 17/09/2018</b> Para poder convalidala pola Termodinámica Aplicada á enxeñaría química faltalle ter superada a termodinámica aplicada
Proxectos en Ingeniería Química (5,7)	6	G4021422 Proxectos e deseño de instalacións	6	<b>Com. GrEQ 17/09/2018</b> Para poder convalidala por Proxectos e deseño de instalacións faltalle ter superado a materia Deseño de equipos e instalaciones
Matemáticas aplicadas a la gestión	4,5			Os contidos non se axustan a ningunha materia da titulación

#### 4.4. M. P. T.

Estudios: Grao en Enxeñaría Mecánica, Universidade da Coruña

**Solicita:** Recoñecemento de tódalas materias que ten superadas.

Materias de formación básica recoñecidas:

- **Exposición gráfica (6 créditos)**
- **Química (6 créditos)**
- **Álgebra (6 créditos)**
- **Gestión empresarial (6 ECTS)**

Materias que ten que cursar para completar a formación básica:

- **Física (4021101), 9 ECTS**
- **Informática (G4021102), 9 ECTS**
- **Química Inorgánica (G4021105), 6 ECTS**
- **Estatística (G4021106), 6 ECTS**
- **Ecuacións Diferenciais (G4021201), 6 ECTS**
- **Química orgánica (G4021204), 6 ECTS**
- **Economía de empresa (G4021203), 6 ECTS**


#### 5. Quenda aberta

Valorar como mellorar a participación dos egresados nas enquisas que se lles mandan.

J. G. informa que Lonza está interesada en participar no máster y queren participar no comité externo. Se tratará na seguinte reunión.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:20 h.

En Santiago de Compostela, a 17 de outubro de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao